



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 6 DE XUÑO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00030885P.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/737/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder ao INSTITUTO GALEGO DA VIVIENDA E SOLO, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución e a documentación presentada o 29/09/2020, o 23/04/2021 e o 16 e 23/06/2021, a construción dun edificio de 24 vivendas de promoción pública, garaxes e trasteiros na parcela do SUNP-13, Parcela 4B2 Rúa Castiñeiriño, nº 81, Santiago de C. (A Coruña), cun orzamento de execución material de 2.717.231,53 euros, coa condición de desprazar o arbore un módulo a maiores retirando da zona de acceso ao garaxe.

3. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0038.

Aprobación do Servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela: compensación pola aplicación da exención de prezos públicos ás familias numerosas no mes de maio de 2021.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e a liquidación dos gastos por importe de 2.674,70 euros, en concepto de compensación por aplicación da exención de prezos públicos ás familias numerosas do mes de maio de 2021, segundo a factura con número de relación contable F/2021/2495 e que se achega no expediente.

4. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0039.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora da factura expedida por TROBEIRO S.L., en concepto de “Servizo de xestión da Escola Municipal de Música correspondente ao mes de maio de 2021”.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZANOVEMIL TRESCENTOS EUROS (19.300,00 euros), en concepto de servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela correspondente ao mes de maio de 2021, segundo a factura número de relación contable F/2021/2494, e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00021658G.

Aprobación das Bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria. Ano 2021.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria que acada un importe total de 4.500 euros.
2. Aprobar o gasto, correspondente ao premio en metálico, por importe de 1.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.
3. O gasto correspondente ao premio en especie, por importe de 3.000 euros materializarase mediante a formalización do correspondente contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890100.

Con esta convocatoria, a Concellaría de Acción Cultural pretende estimular a creación no ámbito literario co obxectivo de contribuír a xerar unha maior riqueza literaria dentro sistema literario galego e, en particular, con ligazón á cidade de Santiago de Compostela.

O premio vai destinado aos proxectos de creación literaria de autores/as residentes en Santiago de Compostela que necesiten dun tempo e un espazo para desenvolver a súa obra. O premio está dotado con 1.500 euros e conleva o dereito ao desfrute dunha estadía de creación literaria na residencia Al Mamal na cidade de Xerusalén. A xestión desta estadía será obxecto dun contrato menor coa xestora cultural Yolanda Castaño Pereira, que é a promotora da Residencia Literaria 1863 e que será a encargada de publicitar a convocatoria nos ámbitos literarios. A colaboración do consulado de España en Xerusalén consistirá en facilitar a tramitación da documentación da autora premiada para a súa estadía de creación en Xerusalén.

Os proxectos presentados deben corresponder a obras en fase de execución e estaren inéditas.

O período de presentación de orixinais é de 15 días contados a partir do día seguinte á publicación das bases no Diario Oficial de Galicia.

O fallo dos premios será dado a coñecer no mes de xullo de 2021, previa deliberación do xurado nomeado para tal fin por órgano competente.

6. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00008795R.

Aprobación convenio coa editorial Hugin e Munín para a publicación do III Premio Realía de tradución literaria.

Acórdase aprobar o texto do convenio con Alejandro Francisco Tovar Salazar (responsable do nome comercial Editorial Hugin e Munín) para a publicación do III Premio Realía de tradución literaria.

7. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00026164W.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de animación sociocultural e de tempo libre Cironove para o 2021.

Apróbase o o texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a asociación de animación sociocultural e tempo libre Cironove, que non implica gasto para as arcas municipais.

A entidade propón a realización dun programa de actividade regular de exhibición das disciplinas circenses na rúa de acceso gratuito e aberto para todos os públicos.

O programa desenvolverase en distintas prazas da zona histórica de Santiago de Compostela nos meses de verán, do 15 de xuño ao 30 de setembro. A actividade a desenvolver pretende dinamizar o casco histórico da cidade, incentivar a creatividade e promover o acceso libre e gratuito á cultura por parte dos veciños e visitantes da cidade no período estival.

Os participantes na exhibicións serán os socios e sacias da asociación e mais os seus colaboradores. O calendario definido de espectáculos será aportado pola entidade organizadora semanalmente.

Toas as actividades terán lugar en espazos públicos en horario de tarde. Os lugares de celebración previstos son: Alameda, praza do Toural, praza da Quintana e praza de Praterías e rúa de San Paio de Antealtares.

A proposta de actividades vén acompañada dun detallado protocolo de prevención de contaxios da COVID2019 do que serán responsables da súa aplicación a asociación de animación sociocultural e tempo libre Circonove e os artistas participantes nesas actividades. As actividades proposta son do interese da Concellaría de Cultura polo que supón de fomento e difusión das artes circenses dentro do marco da cidade histórica de Compostela.

8. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2021/00026061Z.

Aprobación da convocatoria de subvencións a asociacións veciñais sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2021.

Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións dirixidas a asociacións de veciños de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral. Tamén se acorda autorizar o gasto de 100.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 040 33404 4890100/2021.

O Concello de Santiago, a través da concellaría de Relacións Veciñais, realiza anualmente unha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas ás asociacións de veciños para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral.

Os obxectivos xerais son dinamizar os centros e locais socioculturais que utilizan as asociacións de veciños no Concello de Santiago de Compostela para as reunións e o desenvolvemento das súas actividades; apoiar a realización dos distintos programas de actividades que potencien o interese xeral ao servizo da mellora e fomento da cultura, das relacións veciñais e da participación efectiva da cidadanía.

Tamén se subvencionarán actividades de interese xeral (educativas, culturais, de lecer, de convivencia, festivas, etc.) que se desenvolvan nos locais que usan as asociacións, destinados a todos os públicos, promovendo as relacións e o achegamento entre os vecinos dos distintos lugares do Concello, a través de programas, tanto no propio centro e para eses veciños concretos, como actividades en rede para todos os veciños da cidade.